

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (1º BACH)

Materia impartida

Unha vez máis, o profesor manifesta a súa incapacidade para rematar o temario que é necesario repensar. Se a esa incapacidade se lle engade o número de horas que non foron impartidas neste curso por distintas razóns (6 días de folga do alumnado; 3 días de folga do profesorado; varias clases non impartidas debido ás obrigas da Xefatura de Estudos) non é difícil entender que tan so se estudase, como no curso anterior, ata a Guerra Fría (**temas 1 ao 10**; o tema 11, sobre a Guerra Fría, foi tan so visto de forma esquemática).

Tal e como comezamos a facer no curso anterior, algúns problemas históricos estudáronse facendo unha **lectura diacrónica** do temario. Nese sentido, e como resultado dun curso de formación realizado polo profesor da materia, no terceiro trimestre realizouse unha experiencia de uso de recursos en rede: *De cristais e muros* (<http://decristaisemuros.blogspot.com.es/>; a unidade didáctica está dispoñible en <http://hoxe.webnode.es/temas/de-cristais-e-muros/>).

Por outra banda, é interesante que entre os obxectivos da materia estea que o alumnado constrúa o seu propio relato histórico. Cómpre, xa que logo, facer actividades que recompilen a materia vista.

Probos e exames

-Proba inicial

-Dous exames por avaliación: catro conceptos (0,5 puntos cada un), dous temas a desenvolver (2 puntos cada un) e un comentario de texto (4 puntos). O exame se desenvolve en dous días.

-En cada avaliación os alumnos realizaron dous ou tres comentarios de texto ou ensaios na casa ou na clase. Na primeira avaliación, realizouse unha composición a partir de catro textos sobre o nacionalismo, unha crónica do debate electoral e un comentario sobre o filme *Arde Mississippi*.

Na segunda avaliación, os traballos avaliados foron un comentario de texto (Congreso de Verona), un comentario sobre catro textos relacionados coas películas sobre o movemento obreiro e unha crónica da charla que impartiu Chema Caballero.

Na terceira avaliación avaliáronse a crónica sobre a visita ao Parlamento de Galicia, un breve ensaio sobre o nazismo e o holocausto e outro sobre a creación do Estado de Israel e o conflito palestino, ambos os dous a partir de textos relacionados coa unidade De cristais e muros.

Cómpre insistir nos próximos cursos na técnica do comentario de texto e na composición dun ensaio a partir de varios documentos históricos, segundo o modelo das probas de acceso á universidade.

-De forma voluntaria, o alumnado preparou presentacións de temas de actualidade para expor na aula. Algúns deses traballos pódense ver na web da materia:

-Van Gogh e o traballo nas minas: <http://hoxe.webnode.es/news/van-gogh-e-o-traballo-nas-minas/>

-Independencia de América Latina:

<http://hoxe.webnode.es/news/independencia-de-america-latina/>

-*Germinal*: <http://hoxe.webnode.es/news/germinal/>

-A cidade do século XIX: <http://hoxe.webnode.es/news/a-cidade-no-seculo-xix/>

-Fútbol!: <http://hoxe.webnode.es/news/futbol/>

Materiais empregados

Visionado das seguintes películas e documentais, de cada unha das cales o alumnado escribiu un ensaio a partir dun guión presentado polo profesor:

Arde Mississippi

Bandera Roja, sobre a revolución soviética

Documental sobre a Revolución industrial

Fragmentos de *Novecento*: para o movemento obreiro

Fragmentos de *Germinal*: para o movemento obreiro

Fragmentos de *Billy Elliot*: para o movemento obreiro

Fragmentos de *Checkpoint*: sobre Palestina

Documental *La noche de los cristales rotos y la creación del Estado de Israel* (BBC)

Documental *La caída del muro de Berlín* (BBC).

Utilizouse con profusión a prensa diaria para para presentar problemas actuais relacionados co temario. De todas esa información deuse noticia ao alumnado a través no blog da web da materia: *De hoxe. Historia do mundo contemporáneo* (<http://hoxe.webnode.es/>).

Resultados na avaliación ordinaria

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|----------------|---|---|---|---|----|---|---|---|---|----|
| 1º Bach | - | - | 2 | 2 | 10 | 4 | 2 | 3 | - | 1 |

| | Suspensos | Aprobados |
|----------------|-----------|-----------|
| 1º BACH | 4 | 22 |

Actividades realizadas

1. Efemérides. Tal día coma hoxe

Tal día coma hoxe intenta que o alumnado sexa consciente das relacións entre a materia estudada e a realidade na que vive. Trátase de que alumnado de 1º de Bacharelato reflexione sobre a materia Historia do Mundo Contemporáneo, a través da conmemoración de determinadas datas de especial relevancia, como as efemérides marcadas pola Consellería de Educación como xornadas sobre as que os centros deben organizar algún tipo de actividade: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Constitución, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día da Paz, etc. (“Orde 13 de xuño de 2012 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2012/2013 nos centros docentes sostidos con fondos públicos”, *Diario Oficial de Galicia*, 119, 22 de xuño de 2012). Son tamén obxecto de atención calquera outra data relacionada coa materia impartida e que poida ser de interese para o alumnado.

O alumnado, coa supervisión do profesor, redactaou un texto sobre a conmemoración escollida. Dito traballo foi lido polos seus autores en Radio Arzúa. Cremos que a difusión radiofónica dos traballos é un instrumento motivador para o alumnado, ademais de que serve para estreitar as relacións de colaboración entre o IES de Arzúa e as entidades existentes no Concello, nomeadamente Radio Arzúa.

As emisións deron comezo a principios de xaneiro e remataron a principio do mes de xuño de 2013.

O resultado desta experiencia foi unha pequena publicación que se pode visionar na web do instituto; no mesmo sitio pódense escoitar os audios (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/node/379>).

2. Visitamos o Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo (9 de abril de 2013)
A visita foi acompañada dun traballo do que se poden ver as súas características en: <http://hoxe.webnode.es/news/preparando-a-visita-ao-parlamento-de-galicia/>
Unha crónica da visita pódese ler en: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/node/347>

3. Chema Caballero en Arzúa (25 de febreiro de 2013)
Unha crónica da visita en: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/node/337>

3. As eleccións ao Parlamento de Galicia no IES de Arzúa
Unha crónica da visita en: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/node/312>

Lecturas

Como no curso 2011-2012, optamos por facer lecturas breves, ben capítulos de libros, ben relatos que se poidesen ler nunha hora de clase. Foron lecturas utilizadas como introdución a algún dos temas. As lecturas escollidas foron as seguintes:

- a) Capítulo de Engels, *A situación da clase obreira en Inglaterra*, sobre as condicións de vida no
- b) Capítulo de Wenceslao Fernández Flórez, *El hombre que compró un automóvil*, sobre a II Revolución Industrial.
- c) Capítulo de Groucho Marx, *Groucho e yo*, sobre a crise do 29.
- d) Capítulo de *Mi siglo*, de Günter Grass., sobre o nazismo e a caída do Muro de Berlín.
- e) Frank Pavloff, *Mañana parda, Breve fábula antifascista*, como introdución aos sistemas fascistas.
- f) Safi, *En el solar de la escuela*, sobre o conflito palestino.

Web

Neste curso 2011-2012 empezou o desenvolvemento dunha web, *De hoxe. Historia do mundo contemporáneo* (hoxe.webnode.es/), que contén materiais curriculares, información sobre as actividades realizadas, un apartado con traballo do alumnado, un blog no que se foron dando a coñecer noticias de actualidade relacionadas coa materia, etc.

Cómpre intentar que a web sexa máis dinámica para o cal o profesor ten que abrir o seu blog á participación do alumnado; ha de ser o propio alumnado o que colgue os seus traballos na rede, ben en *De hoxe*, ben nun blog aberto para tal efecto.

Enquisa de avaliación da materia realizada polo alumnado

Unha vez coñecida a avaliación, o alumnado cubriu a seguinte enquisa, con carácter voluntario e de forma anónima. Entregaron a enquisa 22 persoas:

- Se estás en completo desacordo, marca o 1
- Se estás completamente de acordo, marca o 5

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|--|---|---|---|---|---|
| 1. O profesor preocúpase por que se comprenda a súa asignatura | 1 | - | 3 | 9 | 9 |

| | | | | | |
|---|---|---|----|---|-----|
| 2. O profesor explica con claridade | - | - | 6 | 1 | 5 |
| 3. O profesor domina a asignatura | - | - | - | 6 | 16- |
| 4. As explicacións do profesor son suficientes | - | 4 | 11 | 5 | 1 |
| 5. O profesor consegue que os alumnos participen na clase | - | - | 7 | 7 | 6 |
| 6. O profesor fala cos alumnos da marcha da asignatura | - | - | 3 | 9 | 12 |
| 7. O profesor consegue que os alumnos estean interesados na clase | - | 2 | 10 | 8 | 2 |
| 8. Os exames están relacionados co traballo da aula | - | 1 | 4 | 8 | 9 |
| 9. As calificacións son xustas | - | 1 | 5 | 8 | 8 |
| 10. Esta é unha asignatura interesante | 1 | 5 | 4 | 5 | 7 |
| 11. Aprendo moito nesta asignatura | 1 | 1 | 7 | 8 | 5 |

1. Avalía ao profesor (de 1 a 10)

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | 1 | 4 | 8 | 3 | 3 | 1 |

2. Avalía o interese das actividades e dos materiais empregados (de 1 a 10)

a) Presentación de conceptos por parte do alumnado

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|----|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | | 5 | 10 | 5 | 2 | |

b) Visionado de películas e documentais (*Arde Mississippi, Bandera Roja, Crise do 29...*)

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | 1 | 4 | 5 | 4 | 3 | 4 |

c) Explicacións do profesor

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | | | | | | |

d) Web De hoxe. Historia do Mundo Contemporáneo

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | | 6 | 7 | 6 | 1 | 2 |

e) Saída ao Parlamento e ao Valedor do Pobo

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | | 2 | 6 | 6 | 3 | 5 |

f) Charla de Chema Caballero

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | | | 7 | 7 | 1 | 9 |

g) Lecturas literarias achegadas polo profesor (*El hombre que compró un automóvil, a crise do 29 segundo Groucho Marx, etc.*)

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| | | | | 3 | 2 | 8 | 6 | 2 | 1 |

3. Valora o traballo realizado nas últimas semanas que partindo da lectura de Günter Grass, *Mi século*, serviu para estudar o fascismo e chegar ao conflito Israel-Palestina e á caída do muro de Berlín:

Tan so unha persoa dixo que foi un traballo pesado; outras 4 cualificaron a experiencia como “moi boa”; nove persoas deron unha puntuación numérica, que dá de media un 7,6.

4. Que actividades botas de menos ou que sobran na clase:

Dúas persoas consideran de pouco interese as lecturas literarias; a outras dúas

gustaríanlle recibir máis visitas como a de Chema Caballero; algúns consideran necesario que se fagan debates entre o alumnado; tres persoas non botan nada en falta.

5. Efemérides: esta experiencia é positivamente valorada por unha parte importante das persoas que falan dela (20 persoas din que foi moi interesante ou que lle gustou moito); algunhas valoran positivamente en particular falar pola radio